



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se declaran vacantes dúas (2) prazas da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de PERCEBE no permiso de explotación de embarcación ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade a pé e dende embarcación, da Confraría de pescadores de Malpica

Antecedentes

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027. (DOG Núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do Plan de xestión para o recurso específico percebe (PE410A 2024/39-1), modalidade a pé e dende embarcación, da confraría de pescadores de Malpica (en adiante a entidade) estableceuse un número máximo de 15 embarcacións con 25 tripulantes habilitados con dereito a cota para todo o trienio 2025-2027.

2. O 07.01.2025 (registro de entrada 2025/26289) a Confraría de Malpica solicitou que se inicie unha nova convocatoria para cubrir vacantes no permiso de explotación de percebe dende embarcación, pois contamos con dúas embarcacións interesadas.

3. O 27.02.2025 esta dirección territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para outorgar a modalidade de percebe a tres (3) embarcacións para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión para o recurso específico percebe, no ámbito da Confraría de pescadores de Malpica. O outorgamento faríase con dúas (2) cotas de captura por embarcación ao obxecto de establecer tripulacións mínimas de seguridade

4. O 03.04.2025 esta dirección territorial ditou a resolución pola que se outorgou a posibilidade para optar á modalidade do recurso específico percebe a única embarcación que solicitou participar no proceso selectivo. Logo de que a dita embarcación achegara a documentación solicitada, este departamento territorial outorgoulle a modalidade de percebe no seu permiso de explotación.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.





2. A resolución do 27.02.2025 desta dirección territorial convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de Percebe a tres (3) embarcación con dúas (2) habilitacións por embarcación. Este proceso rematou coa asignación da modalidade a única embarcación que solicitou participar.

3. Este departamento territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Declarar vacantes dúas (2) prazas para a obtención da modalidade de PERCEBE no permiso de explotación de embarcación con dúas (2) cotas de captura por embarcación no Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade a pé e dende embarcación, da Confraría de pescadores de Malpica.

A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de Malpica.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Conselleiro do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Malpica, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial

P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)

A xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

M^a Paz Sánchez Díaz

(asinado dixitalmente)

